



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

**Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información**



Galiza e a Sociedade da Información

Ameazas e Oportunidades

Novembro-2007



Ameazas

- **A Fenda dixital en Galiza:** o noso país sofre unha situación de déficit nalgúns indicadores da Sociedade da Información motivado polo singular perfil socioeconómico:
 - Envellecemento e dispersión poboacional
 - Desequilibrio demográfico do eixo atlántico fronte ao resto de Galicia
 - Tecido empresarial con forte presenza da micro e pequena empresa.
- Entre as principais eivas do sector empresarial da Sociedade da Información en Galiza, podemos sinalar:
 - **A atomización**, entendida como a forte presenza de empresas moi pequenas con febles ligazóns de actividade
 - **Os insuficientes niveis de especialización e cooperación.**
 - O **carácter local** dos mercados, cunha escasa proxección internacional.
 - **Comercialización e dependencia de produtos externos .**



Ameazas

- **Composición do Tecido empresarial galego: (Datos 2006)**
 - **198.000 empresas con sede social en Galicia.**
 - 188.000 son micropemes. < de 10 traballadores.
 - 8.712 pequenas. Entre 10 e 49.
 - 990 medianas. Entre 50 e 249.
 - 198 grandes. > de 250 traballadores.





Oportunidades

- ◆ **Tres universidades con capacidade formadora cualificada TIC.**
- ◆ **O sector empresarial asociado á Sociedade da Información é un elemento chave no marco xeral de desenvolvemento económico: A principal fortaleza do sector TIC é a capacidade de xerar emprego cualificado no país. A actividade TIC ocupa na actualidade máis de 14.000 postos de traballo en Galiza, cun crecemento do 40,78% nos 3 últimos anos.**
- ◆ **A incorporación dos produtos innovadores que fornece o Sector TIC incide directamente na eficiencia empresarial e na competitividade dos restantes sectores económicos e de actividade.**
- ◆ **A adopción de software libre favorece o desenvolvemento de novos modelos de negocio que sexan diferenciadores.**
- ◆ **As actividades produtivas e de xeración de contidos contribúen a reter o capital intelectual, producir coñecemento específico susceptible de ser exportado e xerar demanda inducida no tecido local de servizos TIC.**



Oportunidades

- ◆ **Posibilidade de equilibrar territorio e fixar poboación** acercando oportunidades emprendedoras, de formación e de emprego.
- ◆ **Oportunidade para facer máis competitivas** as empresas en xeral.
- ◆ **Oportunidade** para acercarse ao mundo con diferentes modelos de negocio.
- ◆ **Oportunidade** para darse a coñecer como país.
- ◆ **Oportunidade** para a utilización da nosa lingua.
- ◆ Para **lograr** unha economía moderna e altamente productiva.
- ◆ **Oportunidade** para incorporar a Galicia ao paradigma da produción inmaterial da S.I.
- ◆ Todo o anterior co obxectivo de conquistar un sistema económico e social sustentable, con suficiente autonomía como para operar libremente nos mercados mundiais, con independencia tecnolóxica.



Resposta

- ◆ **Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010 (PEGSI).**
- ◆ **IN.CI.TE. Plan Galego de I+D+iT 2006-2010**
- ◆ **Cooperación** e colaboración entre as empresas e a Administración Galega para á consolidación do sector TIC: Clúster TIC Galego e Plataforma Tecnolóxica TIC, Vindeira. Centros Tecnolóxicos.
- ◆ Aposta pola formación, a dinamización e polos **novos modelos de negocio.**
- ◆ Contratación por parte da administración autonómica de desenvolvemento de servizos e contidos. Planes de infraestruturas, de dinamización, formación etc.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



sociedade da información.eu
Estratexia galega da Sociedade da Información

Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI)

Presentación
e avance liñas estratéxicas





MISIÓN

O PEGSI debe estar centrado en contribuír ao desenvolvemento sustentable de Galiza para garantir o crecemento económico coa creación de emprego de calidade, maiores niveis de progreso e cohesión social e preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

O Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) xorde para promover os avances técnicos e culturais que sitúen a Galiza como un país plenamente inserido na Sociedade da Información e para contribuír á xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega.



Obxectivos estratéxicos

Crecemento e emprego

Apostar polo crecemento e o emprego, potenciando a aplicación das TIC como medio para construír unha economía galega competitiva, baseada no capital intelectual e o coñecemento.

Liderado

Identificar e pór en valor liderados efectivos en Galiza a respecto da Sociedade da Información para definir, desenvolver e consolidar actividades innovadoras de carácter participativo no desenvolvemento tecnolóxico.

Identidade cultural

Aproveitar as TIC como vehículo que garanta a presenza da identidade cultural galega na Sociedade da Información, conformando unha oferta de servizos e contidos nas plataformas converxentes que impulsen os niveis de uso.

Cohesión territorial e social

Vertebrar territorial e socialmente Galiza a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información.



Estratexias operativas: Transversais, sectoriais e instrumentais

ESTRATEGIAS TRANSVERSAIS

INFRAESTRUTURAS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

INTEROPERABILIDADE, SEGURIDADE E COÑECEMENTO ABERTO

CONTIDOS E SERVIZOS

DESENVOLVEMENTO DO SECTOR TIC

APLICACIÓN DAS TIC POLO TECIDO EMPRESARIAL

SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

INCLUSIÓN E SOTIBILIDADE

INSTRUMENTOS PARA A XESTIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

ESTRATEGIAS INSTRUMENTAIS

ESTRATEGIAS SECTORIAIS



Estratexias operativas

ESTRATEGIAS TRANSVERSAIS

> Infraestruturas para a Sociedade da Información (INF)

Desenvolve a súa actuación no despregamento de infraestruturas desde unha orientación moi clara de instrumento para a prestación dun servizo.

> Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto (IeCA)

A capacidade real de xerar un contorno de comunicación efectiva pasa pola creación dunha cultura aliñada con este obxectivo e pola construción dos soportes tecnolóxicos conforme a conceptos de apertura e interoperabilidade.

> Contidos e Servizos (CeS)

Conforman a realidade que se lles manifesta aos usuarios/as e, polo tanto, os que teñen capacidade de modular e impulsar a introdución destes na SI. Son esenciais, tamén, para a difusión da lingua e cultura galegas.

ESTRATEGIAS SECTORIAIS

> Desenvolvemento do sector empresarial TIC

Baseado en apoiar o desenvolvemento deste tecido económico, para solucionar as súas debilidades e potenciar as fortalezas e oportunidades.

> Aplicación das TIC polo tecido empresarial (EMPR)

Iniciativas orientadas a impulsar a adecuación da empresa, en particular á PEME e MICROPEME, ao novo xeito de facer negocios no contorno da SI.

> Servizos públicos de calidade (PUB)

Trátase de promover a mellora dos servizos públicos a través da aplicación das TIC para que contribúan ao benestar, faciliten o acceso aos servizos básicos ou gocen das necesarias prestacións sociais.

> Inclusión e sostibilidade (INCL)

Centrada en aspectos sociais, de inclusión e cohesión, na vertebración do medio rural e nos aspectos ambientais.

ESTRATEGIAS INSTRUMENTAIS

> Instrumentos para a xestión das políticas públicas da Sociedade da Información (INSTR)

A adecuada xestión das políticas públicas da SI require necesariamente que a Xunta de Galicia se dote da capacidade orgánica, instrumental e operativa para desenvolver as actuacións previstas coa dedicación, coordinación e efectividade que son necesarias.



Os investimentos

A execución do PEGSI implica un investimento público durante o período 2007-2010 de máis de 800 millóns de euros, dos cales máis de 675 millóns lle corresponden á Xunta de Galicia.

Liñas de actuación	Estimación orzamentaria da Xunta de Galicia	Estimación de aportación doutras Administracións	Estimación TOTAL
Infraestruturas para a Sociedade da Información (INF)	98.056.000	24.414.000	122.470.000
Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto (IeCA)	4.360.000	292.000	4.652.000
Contidos e servizos (CeS)	26.892.000	3.670.000	30.562.000
Desenvolvemento do sector empresarial da SI (TIC)	139.980.000	36.115.000	176.095.000
Aplicación das TIC polo tecido empresarial (EMPR)	50.237.000	12.560.000	62.797.000
Servizos públicos de calidade (PUB)	297.273.000	43.646.000	340.919.000
Inclusión e sostibilidade (INCL)	41.093.000	8.435.000	49.528.000
Instrumentos para a xestión das políticas públicas da SI (INSTR)	21.576.000	1.079.000	22.655.000
TOTAL	679.467.000	130.211.000	809.678.000



Elaboración – Tramitación - Aprobación

◆ Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información (Consellería de Innovación e Industria)

Marzo 2007 – Novembro 2007

◆ Comisión Interdepartamental da Sociedade da Información e o Coñecemento

Aprobado o 13 de decembro de 2006

◆ Consello da Xunta de Galicia

Aprobado o 10 de xaneiro de 2007

◆ Parlamento de Galicia

Aprobado o 30 de marzo de 2007



O PEGSI: Marco estratéxico das actuacións en materia da SI

- ◆ **É o primeiro Plano Estratéxico co que conta Galicia para a Sociedade da Información**
- ◆ **O Plano ten un claro carácter orientativo non prescriptivo, é un marco fluído e dinámico de aquí ao 2010.**
- ◆ **Complementábase cos planos directores, cos planos operativos anuais e os orzamentos anuais, e coas políticas europeas e a súa definición para 2007-2013.**
- ◆ **O Goberno Galego, actuará como catalizador para a incorporación de Galicia á Sociedade da Información.**
- ◆ **Non só é importante incrementar o uso das TIC en Galicia, se non que debemos converternos en produtores de equipamento, contidos e servizos.**




XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



sociedade da información.eu
Estratexia galega da Sociedade da Información

Principais actuacións da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información





Infraestruturas de Banda Larga

◆ Implantación de novas redes de telecomunicacións nos núcleos comarcais e rurais de Galicia. (Despregue de R)

- Investimento: 134,7 millóns de euros
- Executados (a setembro de 2007): 70 millóns de euros (52% do investimento total)
- Vivendas e locais ofertados: 262.000
- Vivendas e locais executados: 141.730
- Núcleos rematados: 152 núcleos distribuídos en 54 concellos
- Núcleos previstos: 186 núcleos distribuídos en 77 concellos



Infraestruturas de Banda Larga

- ◆ **Programa Nacional de Extensión do Acceso á Banda Larga en zonas rurais e ailladas (PEBA)**
 - ◆ Programa de acceso á banda larga para máis de 6.000 núcleos rurais mediante o uso de distintas tecnoloxías (ADSL, WiMax, satélite).
 - ◆ A inversión total ascende a uns 36 millóns de euros, dos cales, a aportación do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en coordinación coa Xunta de Galicia, é de 5,2 millóns de euros de subvención e de 5,1 millóns de crédito.
 - ◆ Nivel de execución do PEBA (Datos do 29 de outubro de 2007):
 - Fase I (2006-07): 4.701 zonas rurais de Galiza (4.248 núcleos xa rematados e 453 núcleos antes de finais de 2007).
 - Fase II (2008-09): Incorporará a cobertura para 1.760 núcleos rurais.



Infraestruturas de Banda Larga

◆ **Convenio de Colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e 14 concellos para a execución dun proxecto piloto de implantación de Redes de Telecomunicación sen fíos de acceso público a Internet en 14 concellos rurais**

- **Os 14 concellos nos que a Consellería de Innovación e Industria financia a instalación de redes (Wimax) sen fíos públicas para estender o acceso a internet de alta velocidade son:**
 - ◆ **A Coruña: Curtis, Muxía e San Sadurniño**
 - ◆ **Lugo: Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto e Mondoñedo**
 - ◆ **Ourense: Boborás, Calvos de Randín, Castrelo de Miño e Manzaneda**
 - ◆ **Pontevedra: Pontearreas, Tomiño e Cuntis**
- **O orzamento asignado ascende a uns 1.164.800 euros.**



Impulso da Sociedade da Información

◆ Liñas de axudas:

- ◆ Orde de axudas as empresas galegas en materia da sociedade da información.
 - **Solicitudes que van recibir subvención: 237**
 - **Importe total subvencionado: 3.287.843 €€**
- ◆ Orde de axudas destinadas á difusión e formación para o desenvolvemento da Sociedade da Información.
 - **Solicitudes que van recibir subvención: 119**
 - **Importe total subvencionado: 1.662.363,26 €**
- ◆ Orde de axudas a PEMES galegas para a implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas.
- ◆ **Orde de Axudas a Asociacións e Entidades sen ánimo de lucro en materia de responsabilidade social empresarial.**



Apoio ás Empresas e ao Sector TIC

◆ Apoio á consolidación do sector TIC galego a través do:

- Clúster TIC galego
- Plataforma Tecnolóxica Galega TIC, Vindeira.

◆ Portal da Internacionalización ByGalicia:

- ◆ Portal de servizos avanzados de información e promoción industrial das PEME.Vindeira.

◆ Centros Tecnolóxicos de Telecomunicación e Software

◆ Base de datos de Parques Empresariais

◆ Portal das pemes galegas



Portal sociedade da información.eu

- ◆ Web especializada no eido das tecnoloxías da información e da comunicación, ligada estreitamente o desenvolvemento do **Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI)**.
- ◆ É o **referente galego** na información de actualidade en materia da Sociedade da Información.
- ◆ O lanzamento do portal tivo lugar a finais do 2006 e, desde entón, tivo máis de **30.000 visitantes** e leva publicadas:
 - Máis de 700 novas
 - Máis de 50 entrevistas, dossiers e artigos de opinión.



Mancomun.org.

Iniciativa Galega polo Software Libre

Punto de encontro das iniciativas sobre Software Libre que se están desenvolvendo desde os diferentes ámbitos: institucional, empresarial, educativo, etc.

◆ **A Forxa:** espacio colaborativo para facilitar a creación, mantemento e distribución de proxectos, tanto de creación de software como de documentación en galego.

◆ **Entrans:** ferramenta on-line que facilita a traducción do software ao galego: OpenOffice.org, Firefox, Thunderbird, aplicacións educativas e empresariais.

◆ **O portal mancomun.org (Datos outubro 2007) :**

- ◆ 1.321.875 Visitantes e 4.200 usuarios de media ao día
- ◆ 1.573 Novas publicadas en mancomun.org
- ◆ 63 Proxectos rexistrados na Forxa
- ◆ 54 Empresas rexistradas no directorio de Peme de mancomun.org
- ◆ 45.000 Descargas de OpenOffice.org e 25.000 Cds repartidos de OpenOffice.org



Iniciativa para o desenvolvemento das políticas de inclusión na Sociedade da Información e o desenvolvemento rural.

◆ Entidades participantes: **98**

- Asociacións culturais e empresariais: 31
- Concellos: 56
- Centros Comarcais: 11

◆ Dinamizadores: **114** (78 técnicos e 36 novos bolseiros)

◆ **1076** Obradoiros impartidos; **368 Charlas**; **35 cursos de formación específica**; **1346 usuarios da Aula Aberta**

◆ Entre as actividades desenvolvidas pola Red, podemos citar:

- BioGALÍZATE
- "E- SignoVisual": Signando as Novas Tecnoloxías
- Recopilación das lendas do concello
- Obradorio sobre libros dixitais
- Dixitalización da memoria histórica



O Observatorio estase convertendo na **fonte de referencia** para o estudo do grao de penetración das TIC e das tendencias do desenvolvemento da S.I. en Galiza.

- **Enquisas para monitorizar a evolución da S.I. en Galiza:**
 - 1.600 enquisas á cidadanía
 - 1.000 enquisas ás empresas
 - 1.000 enquisas ao tecido asociativo.
 - Análise detallada do sector TIC e do impacto do PEGSI
- **Portal do Observatorio Galego da Sociedade da Información:** desenvolvemento e xestión do **ogsi.sociedadedainformacion.eu**
- **Centro de Documentación:** selección e elaboración de produtos documentais (estudos monográficos, boletíns...)
- **Vixianza das políticas desenvolvidas en materia de S.I.**



Seguemento do PEGSI

- Creación da Oficina de seguimento do PEGSI.
- Definición da metodoloxía xeral de actuación.
- Desenvolvemento dunha ferramenta en sw libre para o seguimento do PEGSI.
- Recollida e actualización periódica dos datos.

Mapa de infraestruturas e servizos de telecomunicacións de Galiza

(telefonía fixa, móbil, banda larga e TDT)

- Recollida de información dos operadores, concellos e institucións
- Publicación dos datos nun Sistema de Información Xeográfica (SIX).
- Información en termos de poboación e territorio
- Protocolos de actualización periódica dos datos.